

O conxunto musical “Fuxan os Ventos” e “A Quenlla” (a continuidade) supoñen algo máis ca pura música nestes últimos anos da vida galega. Desde a música participaron nas

tensións do rexurdimento de todo o pobo. O seu impacto na sociedade galega, sobre todo na década dos setenta, foi significativo. Aínda segue a selo.

“Fuxan os Ventos” no rexurdir musical, cultural e autonómico de Galicia

XESÚS MATO MATO

Por iso, polo que significou e significa o fenómeno “Fuxan os Ventos” no proceso da sociedade galega acepto, con agradecemento, a invitación de se-lo cronista, xa que son testemuña directa do nacemento, evolución e desenrolo do grupo e mesmo o autor da canción “Fuxan os ventos” (letra e música) que deu o nome ó conxunto, a partir do ano 1972.

Vaia por diante que “Fuxan os ventos” non o forman só as tres dúcias de persoas que chegaron a se-los seus compoñentes durante estes anos. Con eles traballaron e colaboraron, de forma moi directa, centos de persoas. Especialmente é preciso reseñar: os vellos poetas da diáspora e os da nova xeración galega, membros das primeiras asociacións culturais galegas, mestres, cregos, estudantes, etc., e sobre todo xente sinxela do mundo rural aportando as cancións populares e dando pulo ós compoñentes do grupo.

Un contexto e dúas etapas

Na biografía de “Fuxan os Ventos” hai dúas etapas definidas: unha pasada, do 1970 ó 1982, e unha presente, do 1982 ó 1991-96?

Antes de falar delas compre situalo contexto socio-político-cultural-musical-relixioso no que nace e medra o grupo. É necesario coñece-lo contexto para interpretar, axeitadamente, o texto.

—A escala Mundo, entre outros acontecementos importantes,

estabamos a vivi-los seguintes: a corrente hippy, a revolución frustrada do “maio francés” do 68, as movidas musicais do celtismo e da música inglesa e americana, as simpatías polo mundo do leste europeo e as expectativas e esperanzas do Concilio Vaticano II.

—A escala España, en plena euforia do desenrolo económico, comezando na década dos sesenta, vivímo-la etapa decisiva da transición política: revoltas estudiantís e obreiras, morte de Franco, legalización dos partidos políticos, elaboración e aprobación da Constitución, liberdade relixiosa, primeiras eleccións xerais ó Parlamento e primeiro goberno democrático. No eido musical, a proliferación dos cantautores da canción protesta.

—A escala Galicia, ademais do estatal, atopámonos con esta realidade: No eido político: revoltas estudiantís en Santiago e obreiras en Vigo e no Ferrol, con dous mortos (1972); referendun para o Estatuto de Autonomía e primeiras eleccións

ó Parlamento (1980). No eido cultural-musical: a nova canción galega, voces ceibes (1966-70); a aparición e saída ó mercado da revista Teima —morreu deseguido—, o semanario A Nosa Terra e a revista Encrucillada (1976); nacemento da primeira casa discográfica galega, Ruada e o Decreto de Bilingüismo (1979); nace Edicións Xerais de Galicia (1980); Lei de Normalización Lingüística (1983) e créase a Radio Televisión de Galicia (1984). No eido relixioso: do 1974 ó 79, celébranse as asembleas diocesanas e as sesións plenarias do Concilio Pastoral de Galicia que espertara grandes esperanzas en moitos sectores inquedaos da sociedade galega.

Neste contexto nace, medra, loita e evoluciona “Fuxan os Ventos”.

Un pasado: Fuxan os Ventos


Datas e feitos máis importantes no proceso e evolución do grupo:

—Un grupo de rapaces e rapazas, case todos estudantes de Maxisterio e de orixe rural, cantan, en grupo ou en solitario, cancións do folclore universal, non galego, polo simple feito de se divertiren. Son invitados a formar parte do coro de voces brancas do Colexio Menor Feminino Santísimo Sacramento de Lugo (do Bispado) e intégranse plenamente. Abundan voces graves moi boas e enriquecen o coro. Actúan conxuntamente e participan na parte musical da Misa de enfermos de Radio Popular (1970-71).



“Fuxan os ventos” non o forman só as tres dúcias de persoas que chegaron a se-los seus compoñentes durante estes anos.

Cartel de Fuxan os Ventos,
por Ulises L. Sarry.



—Dentro do coro créase un grupo mixto de música folk, formado por doce compoñentes. No III Cancioneiro de As San Lucas de Mondoñedo, levan o primeiro premio coa canción "Fuxan os ventos", á que xa se fixo referencia (1972).

—Participan en festivais, recitais, concursos, programas de radio ("Aquí la juventud" de Radio Popular), colexios, vilas da provincia, etc., e van meténdose na música popular galega. Colaboran co resto do coro e outros grupos na montaxe e mostra de "Galicia canta ó

Neno", un remexido costumista-cultural-musical escenificado, do xeito de vivi-lo Nadal en Galicia os nosos antergos. Seguen participando na Misa de Radio Popular. Nesas datas empezan as ofertas para gravar discos. Son rexeitadas por medo á comercialización do grupo e a meterse na roda do negocio

No III Cancioneiro de As San Lucas de Mondoñedo, levan o primeiro premio coa canción "Fuxan os Ventos"

Actuación de Fuxan os Ventos nunha homenaxe a José Afonso, no auditorio de Castrelos en Vigo.



discográfico. Deste xeito percorreron os anos 1973-74.

—O ano 1975 foi un ano difícil e decisivo. Aparecen dúas tendencias: unha conservadora, na liña de folclore universal, e outra máis comprometida: só música galega, popular e nova, cun compromiso coa cultura, co idioma e a realidade galega. Ráchase o grupo e quedan os da liña do compromiso. Recompónse o grupo e percorren os teleclubes da provincia, con “Galicia canta ó Neno” e outros recitais de música popular e algunhas cancións novas, con denuncia e mensaxe. O contacto co pobo fai que empece a albiscarse xa o talante da liña do grupo.

—No 1976, con certa madurez musical e clarificación plena da liña a seguir, conscientes de que é preciso espalla-lo que se está facendo, chegan a un acordo coa casa discográfica Philips, con estas condicións (asumidas a contrapelo pola multinacional): gravar á súa maneira (sen arranxos electrónicos), mante-la liña do grupo, compromiso político apartidista e non comercialización do grupo cara adentro. Os ingresos posibles para edicións de libros.

No ano 1977 sae o segundo disco: “O Tequeletéquele”, con máis temas de denuncia-mensaxe.

Sae o disco de longa duración “Fuxan os Ventos” (Philips, 1976).

4.ª mostra de “Galicia canta ó Neno”, por toda Galicia.

Actuacións en Madrid, Barcelona e Galicia.

—No 1977 sae o segundo disco: “O Tequeletéquele” (Philips, 1977), con máis temas de denuncia-mensaxe. Seguen a cantar na Misa da radio, representan “Galicia canta ó Neno” (28 actuacións en dous meses) por toda Galicia e transmisión, en directo, desde o Teatro Colón da Coruña a través da

TVE en Galicia. Participan na “1ª Romaxe” que organizan Irimia e Encrucillada, na que colaborarán na maior parte das edicións. Este ano prodúcese a segunda escisión do grupo, por mor de mante-la independencia política.

—Os tres anos seguintes —1978, 79 e 80— son os anos “do boom musical en Galicia”. “Fuxan os Ventos” actúa, a eito, en Galicia, España e o extranxeiro. Bruxelas, París, Zürich, Lorient, Brest, Lisboa... centros galegos de España... e realiza unha Campaña Cultural en zonas de montaña, con 30 actuacións en vilas e aldeas da provincia. Graba “Sementeira” (Philips, 1979), “Galicia canta ó Neno” (Philips), edita o libro “Galicia canta ó Neno” (Ed. Albarellos) e a casa discográfica, pola súa conta, reedita os principais éxitos do grupo, no disco “Chegaremos” (Philips, 1980). No 1989, Radio Popular de Vigo declara a “Fuxan os Ventos”: “A entidade galega máis distinguida no eido musical do ano”.

—No 1981 sae, en Ruada, o quinto disco: “Quen a sobera cantar”. Un intento fracasado de axudar a levanta-la primeira casa discográfica galega. Musicalmente foi un disco moi elaborado,



pero con perda do estilo inicial do grupo.

—No ano 1982 prodúcese o definitivo rachamento do grupo. Razóns musicais, comerciais e políticas fan insostible a continuidade dos compoñentes daquela etapa. Vanse tres dos fundadores e quedan os seis restantes que polo feito democrático do número quédanse co nome. Máis tarde sería rexistrado comercialmente a nome dun membro do grupo, co consentimento do resto, ningún deles cofundadores. Ámbalas dúas partes vense na necesidade de recompoñe-la desfeita. Os que se quedan co nome gravan "Noutrora" (Fonomusic, 1984), con temas elaborados de antes e arranxos propios. Os outros fundan "A Quenlla" co gallo de mante-la continuidade da liña marcada dende a súa orixe.

Un presente: A Quenlla

Consumada a división, na seguinte etapa (que dura máis ou menos tres anos) o novo grupo "A Quenlla" adicase a pre-



parar novas cancións e nova xente. Seguen os contactos con poetas da nova xeración galega, elaboran novos temas, seguen no labor de recollida e preparan a gravación dun novo disco, do que o mesmo título reflicte o contido: "Os tempos aínda non son chegados" (Avalón Discos, S.A. 1986). Trata de amosar, nos seus temas, a realidade galega dese tempo. Había moito que dicir despois dos catro anos de silencio. Vén a se-la historia de Galicia, a xeito de romance.

—No 1988, coas eleccións ó Parlamen-

to Europeo e as nosas reconversións salvaxes na industria, no mar e no campo, sae o disco "Europolis, 88" (Avalón Discos, S.A. 1988).

—No 1989, en colaboración coa Xunta de Galicia grava a música para o video "A historia da lingua galega" (Ofhiosa, Lugo, 1989), que sería distribuído polos colexios e centros galegos. Seguen a participar nas Romaxes e voltan a participar en actividades culturais, dentro e fóra de Galicia.

—No 1990 sae o disco co título dunha frase de Pimentel, "Máis alá da néboa" (Sonoland, 1990), do poema "Cunetas". Seguen a estar na idea orixinaria os seguintes: "Nadal en galego", "Terra" e "A casa que nunca tivemos", aínda que a realidade galega sexa un pouco distinta: mellorada, pero evidentemente, mellorable. Queda moito camiño por andar.

O ideario do grupo

Ata aquí a súa obra publicada, un atisbo

No ano 1982 prodúcese o definitivo rachamento do grupo. Razóns musicais, comerciais e políticas fan insostible a continuidade dos compoñentes daquela etapa.

AS CERAMICAS DO
CASTRO   E AS
 DE
SARGADELOS 
 ESTAN FEITAS CON TERRAS GALEGAS, AS IDEAS E A CIENCIA QUE LLES PROPORCIONA O
LABORATORIO
 DE **FORMAS**  GALICIA DE
 E O  **SEMINARIO**
 DE ESTUDOS CERAMICOS

ENGANDINO UN VALOR 200 VECES SUPERIOR
 AO DAS SUAS MATERIAS PRIMAS QUEREN SER
 UN EXEMPLO DO QUE SE PODE FACER APROVEI
 TANDO NA NOSA TERRA OS NÓSOS RECURSOS

Teñen 150 cancións grabadas e outras tantas sen grabar. Cerca de 30.000 coplas están a ser estudiadas e clasificadas á espera de seren publicadas e espalladas.

da súa loita interna e a súa repercusión externa. Pero dentro hai moito máis. Para chegar á liña definida dos últimos anos "Fuxan os Ventos-A Quenlla" tivo que padecer e sufrí-lo camiño da súa propia evolución e desenrolo. Fíxose ó camiñar. Houbo un longo proceso.

Reseñada a realidade social de Galicia e a boa acollida por parte da xente sinxela e non contaminada do pobo, só queda apunta-la sensibilidade do grupo e a súa intencionalidade e ideario.

A xente do grupo, pouco a pouco, decatouse da riqueza e fartura que aniñaba no fondo da alma do pobo. Descubriuno no trato con eles a través das cancións, dos romances, lendas, cantigas e xeitos e maneiras de se comportaren. Déronse conta de que a través da música popular (a deles) había unha plataforma excelente para comunicarse, para transmitir algo. Era unha comunicación intelixible. A linguaxe "da música e da palabra conxuntadas" chegaban á xente. Multiplicaron os contactos, actuando gratuitamente en moitos pobos, e ó mesmo tempo que espallaban o que xa tiñan, recollían o que cada pobo e lugar ía aportando. Compartiron cantos, ruadas e festas e recolleron milleiros de cancións e coplas populares por todo o país galego.

Para seren auténticos e teren dereito a dicir algo, compría "ser e estar" libres, ceibes de ataduras. Por iso rexeitaron a súa pertenza a algún grupo político, de poder ou de influencia. A cultura é patrimonio de todos. E, se alguén ten algún dereito adquirido, é o pobo rural, que foi, realmente, o que soubo conservala.

Con este principio de base, coa súa liberdade e independencia, con unha estrutura musical popular, con letras tradicionais e mensaxes de afirmación e denuncia actuais (ó cincuenta por cen), co forte apoio dos poetas, lanzaron estas grandes ideas: que somos un pobo, que temos unha identidade propia, unha cultura determinada e específica, que queremos ser donos do noso destino, que hai que arrincar medos e complexos, que fe e galegitude van xunguidas, que fóra lixos e contaminacións, caciquismos e opresións... que temos que loitar

pola unidade, pola liberdade, pola verdade, pola cultura, pola defensa do idioma... ¡por sermos nós mesmos! Este xeito de comunicar, cunha digna calidade musical, prendeu lume na xente aberta á esperanza.

Unha mensaxe inmorrente

Cando no ano 1972 apareceu a canción "Fuxan os ventos", a súa letra, con raigame popular na estrutura musical, apunta a liña a seguir polo grupo. Recordemos: "Queremos cantar, queremos berrar, coa forza da fe, que a nosa Galicia aínda esta de pé... Fuxan os ventos dos agoreiros... fora lembranzas... veñan homes rexos e fortes, con ollos limpos, traballadores, que espallen xuntos... o desenrolo do noso fogar... Anque choren os campos a súa orfandade... morran os vellos afogando as penas... fuxan mozos e mozas á terra allea... no noso pobo latexa a forza dun mundo novo... Co traballo, a xuntanza e a fe; coas escolas, leiros, prados e o mar... queimaremos penas mortas ata o fin, ó carón desta esperanza que xa brilla nesta terra. Así loitaremos nós". (Fuxan os Ventos, 1972). Agora, aínda é preciso dicir que "os tempos non son chegados", e, con Pimentel "eu ben sei que hai un misterio na nosa terra, máis alá da néboa, máis alá do mar, máis alá da chuvia, máis alá do bosque". (Máis alá da néboa, 1990).

No intermedio destes 20 anos, "Fuxan os Ventos-A Quenlla", co fondo sempre presente de fe e confianza neles mesmos e no seu pobo, espallou e cantou estes grandes temas: A ESPERANZA ("Fuxan os ventos", "Canto de esperanza", "O tequeletéquele", "Irmán Da-

niel", "Mencer", "Sementeira", "No escuro", "Compañeira", "Galicia", etc.); A LIBERDADE ("Cara á liberdade", "Desamor", "Un amor mariñeiro", "Cantares de cego", "Galicia", etc.); A UNIDADE ("Irmáns", "Alalás", "O tequeletéquele", "Boura", "Galicia e mailo Miño", etc.); A XUSTIZA ("Irmáns", "Cunetas", "Pandeiretada", "No escuro", "O lobo", etc.); A SOLIDARIEDADE ("Irmáns", "Irmán Daniel", "Cantares de cego", "Compañeira", "Fuxan os ventos", "Mencer", "Romance a Federico García Lorca", etc.); A EMIGRACIÓN ("Brazos para a seitura", "Muller", "Ollei mozos/as", "Galicia", "Canto de berce", etc.); O IDIOMA ("O Lelo", "Historia da lingua", "Bando do alcalde", "Galicia e mailo Miño", etc.); A MULLER ("Muller", "Muller labrega", "Ollei mozas", etc.); OS VELLO ("Fuxan os ventos", "Sementeira", "Cantares de cego", "Galicia", etc.); OS NENOS "Sementeira", "O Lelo", "Cantiga de amigo", "Melra", "Cassete de cantos populares", etc.); O LABREGO, O MARINEIRO, O CAMPO, O MAR, ... AS DENUNCIAS SOBRE O CACIQUISMO E A FALSA POLÍTICA, O LIXO E CONTAMINACIÓNS, ETC... Ó mesmo tempo elaborou letras e música para temas puntuais, conforme ía esixindo a actualidade. Son 150 cancións gravadas e outras tantas sen gravar. Preto de 30.000 coplas (refrains, adiviñas, ditos populares, ritos medicinais, cancións relixioso-populares, cantares de cego, de traballos comunitarios, do Nadal e Reis, etc.) están a ser estudiadas e clasificadas á espera de seren publicadas e espalladas. O Colectivo Tremiñado, do que forman parte os primeiros fundadores do grupo, está agora mesmo neste labor.

Esta riqueza está aquí. Pertence ó pobo. É de todos. "Fuxan os Ventos-A Quenlla" tivo o acerto e a sensibilidade de axudar a descubri-lo, xunto con outra xente (sobre todo o pobo), que arrimou o lombo neste labor.

A obra debe seguir. Niso estamos. Segue a ser necesaria unha mensaxe firme e esperanzadora para uns tempos cheos de dúbidas e desesperanzas. ¡Fuxan os ventos dos agoreiros! ¡Veñan os homes libres e traballadores que sementen esperanza nesta terra! ■

